



Concello de Arbo

Expediente Gestiona: 89/2024

Procedemento: Contratación execucións das obras de “**MELLORA E AMPLIACIÓN EN VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS**”, cofinanciadas por AGADER ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020 (DOGA núm. 18, do 25 de xaneiro de 2024): Nº Expediente: PM24-0113.

Orzamento base de licitación das obras: 54.431,35 € (IVE do 21% incluído que ascende a 9.446,76€.-)

Documento: Certificado do acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do expediente de contratación.

Eu, Patricia Hernández Estévez, Secretaria do Concello de Arbo (Pontevedra),

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 17 de xullo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“7.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN COMPLETO, XUNTO CO PROXECTO TÉCNICO, NA VERSIÓN ASINADA DIXITALMENTE O 23.02.2024 POLO ARQUITECTO TÉCNICO D. GERMÁN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, E OS PREGOS, PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA E AMPLIACIÓN EN VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS”, SENDO O ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN DE 54.431,35 € (IVE DO 21% INCLUÍDO QUE ASCENDE A 9.446,76 €), COFINANCIADAS POR AGADER AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 19 DE DECEMBRO DE 2023 POLA QUE SE APROBA O PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024-2025, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) AO ABEIRO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) 2014-2020 (DOGA NÚM. 18, DO 25 DE XANEIRO DE 2024):

Vista a Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños rurais municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (Código procedemento MR701E), publicada no DOG nº 18 do 25 de xaneiro de 2024, na que se contempla unha asignación máxima para o Concello de Arbo no seu Anexo II de:

Código	Concello	Total	Anualidade 2024	Anualidade 2025
36001	Arbo	45.812,00 €	22.319,00 €	23.493,00 €

Examinado o contido da mesma e as necesidades deste Concello, e á vista do proxecto técnico redactado en febreiro de 2024 no marco da referida resolución, e





Concello de Arbo

asinado dixitalmente o 23.02.2024 polo Arquitecto Técnico D. Germán Fernández Fernández, así como do informe do arquitecto municipal de 26.02.2024 sobre adecuación da actuación a normativa urbanística vixente, necesidade de autorizacións sectoriais para levala a cabo en concreto: *autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural*, e titularidade municipal do camiño sobre o que se vai actuar, así como dispoñibilidade dos terreos sobre os que se van executar as actuacións.

Á vista do expediente que se tramitou ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a través de Resolución da Alcaldía nº 92/2024 de data 26.02.2024, pola que se resolve presentar e incluír na solicitude do Programa de mellora de camiños municipais 2024- 2025 o investimento denominado “Mellora e ampliación en Vial de Arbo Vilar- As Laxas ”, cun orzamento total de 54.431,35 € (IVE 21% incluído), correspondendo a base sen IVE a cantidade de 44.984,59 € e ao IVE do 21% a cantidade de 9.446,76 €, conforme ao proxecto técnico redactado en febreiro de 2024, e asinado dixitalmente o 23.02.2024 polo Arquitecto Técnico D. Germán Fernández Fernández, así como os gastos do control de calidade das referidas obras que ascenden a 800,00 € (IVE 21% incluído), correspondendo á base sen IVE a cantidade de 661,16 € e ao IVE do 21% a cantidade de 138,84 €.

Tendo en conta que consta no expediente proxecto técnico redactado en febreiro de 2024, e asinado dixitalmente o 23.02.2024 polo Arquitecto Técnico D. Germán Fernández Fernández, que serviu de base para a petición da subvención, e no que se fixa como orzamento das obras o importe de 54.431,35 € (IVE do 21% incluído que ascende a 9.446,76 €).

Visto o informe do arquitecto municipal de 26.02.2024 no que se informa: “*O concello de Arbo a través da RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto, pretende a mellora e ampliación de Vial de Arbo a Vilalr-As Laxas*”

Dacordo a memoria asinado por Germán Fernández Fernández para a “MELLORA E AMPLIACION DE VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS”, as obras a realizar localízanse no Lugar de As Laxas pertencente ao Concello de Arbo, provincia de Pontevedra.

1) Tipo de Obra:

A obra que se pretende executar ten a clasificación de MELLORA, de conformidade co disposto no art. 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

2) Contido do proxecto:

Tras ser examinado o antedito proxecto, conclúese que o seu contido se axusta ó previsto no artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3) Seguridade e Saúde:





Concello de Arbo

O proxecto contén:

1. O estudo de seguridade e saúde:

O estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo cal se establecen as disposicións mínimas de seguridade nas obras: "MELLORA E AMPLIACION DE VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS"

4) Estudio xeotécnico:

En canto ao estudio xeotécnico resulta que **non o precisa**.

5) Estabilidade, estanquidade e seguridade:

Analizado o proxecto se constata que na súa elaboración **si** se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario e mais a normativa técnica aplicable en canto a estabilidade, estanquidade e seguridade das OBRAS: "MELLORA E AMPLIACION DE VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS"

6) Execución e autorizacións previas:

As obras precisan de autorización da DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

Toda a pavimentación execútase sobre viais xa existentes e xa pavimentados con aglomerado asfáltico, polo que non existe.

7) Disposición de terreos:

O camiño onde se van a producir as actuacións e de titularidade municipal e que os terreos onde vaise producir a ampliacións foron cedidos polos respectivos titulares, que son tódalas cesións necesarias para poder executar dita actuación.

NOME E APELIDOS DO TITULAR	Referencia Catastral de la parcela	Data de sinatura
COMUNIDAD DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN DE SANTA MARIA	36001A070004800000SD	Dispón de cesión por tempo indefinido por aprobación do presidente da comunidade, estando esta resolución condicionada a ratificación pola Asamblea Xeral do 10 de marzo de 2024.
GONZALEZ GIL ADELAIDA E ALONSO RODRIGUEZ AMANCIO [HEREDEROS DE]	36001A060004570001DD	24 de febreiro de 20024
		22 de febreiro de 2024





Concello de Arbo

DIOCESIS DE TUI VIGO	36001A070004840000SE	
----------------------	----------------------	--

8) Informe urbanístico.-

A obra **SI** resulta compatible coa normativa urbanística vixente no Concello de Arbo e coa **Lei 2/2016 do Solo de Galicia**, xa que **tratase de obras** de mantemento e mellora de infraestruturas públicas existentes.

Non se realizaron intervencións neste camiño nos últimos cinco anos.

EN CONCLUSIÓN, as OBRAS DE "MELLORA E AMPLIACION DE VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS", son acordes coa normativa vixente e as mesmas poden comezar de xeito inmediato, xa que se trata de infraestruturas públicas existentes."

Tendo en conta que dita actuación atópase sometida a autorización previa do Servizo de Patrimonio, e tras solicitude presentada o 05/03/2024, recíbese o día 11.04.2026 (R.E. núm. 896), Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación, F.P. e Universidades de data 10.04.2024 (Expte. 0976/24) onde se resolve: "Autorizar as obras de Mellora e ampliación de vial de Arbo a Vilar-As Laxas, en As Laxas, Vilar, concello de Arbo, coas seguintes condicións:

- Con carácter xeral no transcurso das actuacións previstas adoptaranse as cautelas necesarias para non afectar aos muros tradicionais e calquera outro ben de carácter etnográfico que se atope no percorrido das obras.

- As posibles provisións de materiais realizaranse á maior distancia posible dos bens catalogados.

- En tódolos casos, nos puntos en que os traballos se realicen nas inmediacións ou en contacto directo cos bens, extremaranse as precaucións para evitar calquera dano fortuíto resultado de impacto ou vibracións causadas por emprego de maquinaria.

- O material de acabado do firme será uniforme en todo o seu trazado e non se estenderá ás marxes non pavimentadas das beiravías, salvo para a regularización puntual do ancho útil de tránsito do camiño.

- Conservaranse os muros tradicionais existentes adoptando as precaucións precisas para evitar que o aglomerado entre en contacto cos mesmos.

- Os muros de contención proxectados executaranse en pedra de granito silvestre ou moreno.

- A altura do muro proxectado debe ser a mínima necesaria para a contención das terras e deberá adecuarse á necesaria para cada tramo do muro.

- En caso de ser necesario o aporte de pedra, empregaranse preferentemente pedras da zona, e en calquera caso, correspondentes a variedades litolóxicas o máis semellantes ás empregadas orixinariamente nel, en tamaño, forma e cor, e coa mesma disposición construtiva. Non se consideran axeitadas as placas de pedra (aplacados) de pequeno espesor, polo que de utilizar pedra, empregarase unha folla duns 10 cm de espesor mínimo, trabada ao xeito tradicional e resolvendo os posibles encontros axeitadamente. De procederse ó rexuntado do muro, este realizarase con morteiro de cal, análogo ó usado nas prácticas tradicionais, prohibíndose o emprego de morteiros exclusivamente de cemento. O morteiro colorearase en tons semellantes ós da pedra, e deberá quedar lixeiramente refundido na xunta ou a rentes ca fábrica de pedra, nunca en relevo."

Por Resolución da Directora Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de data 11.06.2024, sendo recibida a notificación no Concello de Arbo o 12.06.2024. (núm. rexistro entrada: 2024-E-RC-1366), concédese ao Concello de Arbo unha subvención por importe total de 45.645,75 euros, 44.984,59 euros para as obras civís





Concello de Arbo

e 661,16 euros para o control de calidade das mesmas, co obxecto do financiamento do investimento de “Mellora e ampliación en Vial de Arbo a Vilar-As Laxas”, distribuído nas seguintes anualidades 22.237,70 correspondente a anualidade 2024 e 23.408,05 correspondente a anualidade 2025. O prazo limite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2024 será o 16 de outubro de 2024 ou ben o 11 de decembro de 2024 para aqueles concellos que soliciten unha ampliación do prazo de execución e xustificación nos termos previstos no artigo 15 do anexo I da Resolución pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, e, a anualidade 2025 deberá estar rematada e xustificada a data 30 de maio de 2025..

Ante a necesidade de contratar a execución das obras de “**MELLORA E AMPLIACIÓN EN VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS**”, incluídas no Plan marco de mellora de camiños rurais municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (Código procedemento MR701E), aprobado por Resolución da Directora Xeral de Agader de 19 de decembro de 2023, publicada no DOG nº 18 do 25 de xaneiro de 2024, e segundo o proxecto técnico na versión dixitalmente asinada o 23.02.2024 polo Arquitecto Técnico D. Germán Fernández Fernández, que serviu de base para a petición da subvención, e no que se fixa como orzamento da referida actuación o importe de 54.431,35 € (IVE do 21% incluído que ascende a 9.446,76€), constando autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por Resolución de 10.04.2024, e que conta con financiamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no importe total de 44.984,59 € para ditas obras, por **Resolución da Alcaldía nº 345/2024 de data 04/07/2024 iníciase o procedemento de contratación das obras**, tras avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución de 21 de xuño de 2023, a través de procedemento aberto, en trámite ordinario, oferta economicamente máis vantaxosa (varios criterios de adxudicación), cuxa tramitación se levará a cabo por medios electrónicos, e ordenando a incorporación no expediente dos seguintes documentos:

- *Proxecto técnico cos documentos esixidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.*
 - *Acta de recuamento previo.*
 - *Informe de viabilidade urbanística das obras emitido polo servizo técnico municipal.*
 - *Informes e autorizacións sectoriais, de ser precisas.*
 - *Memoria xustificativa da contratación das obras*
 - *Informe de necesidade*
 - *Informe existencia de crédito*
 - *Informe de secretaría*
 - *A emisión do informe de fiscalización da intervención municipal.*
- Para o seu sometemento posterior a aprobación polo órgano competente.

En base a documentación incorporada e existente no expediente, proxecto técnico na versión asinada dixitalmente o 23.02.2024 polo Arquitecto Técnico D. Germán Fernández Fernández, acta de recuamento previa asinada o 04.07.2024, memoria xustificativa de alcaldía e informe de necesidade emitidos o 05.07.2024, certificado de existencia de crédito emitido pola Secretaría-Intervención o 05.07.2024, informes técnicos e sectoriais, e informes da secretaría-intervención que obran no expediente emitidos o 08.07.2024, e de acordo coa DA 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de





Concello de Arbo

contratos do sector público, e á vista da Proposta da Alcaldía de 08.07.2024, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, EN CANTO QUE ÓRGANO DE CONTRATACIÓN POR DELEGACIÓN DO ALCALDE EN VIRTUDE DE RESOLUCIÓN DE 21 DE XUÑO DE 2023, ADOPTOU, POR UNANIMIDADE (4 votos, incluído o do Sr. Alcalde-presidente), O SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación completo, xunto co proxecto técnico, na versión asinada dixitalmente o 23.02.2024 polo Arquitecto Técnico D. Germán Fernández Fernández, e os pregos, para a execución das obras de “MELLORA E AMPLIACIÓN EN VIAL DE ARBO A VILAR-AS LAXAS”, sendo o orzamento base de licitación de 54.431,35 € (IVE do 21% incluído que ascende a 9.446,76 €), e estando cofinanciadas por AGADER ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020 (DOGA núm. 18, do 25 de xaneiro de 2024).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto no importe de 54.431,35 € (IVE do 21% incluído que ascende a 9.446,76 €) con cargo a aplicación orzamentaria 1531.619 do orzamento prorrogado cara o exercicio 2024.

TERCEIRO.- Licitar o contrato a través da Plataforma de Contratación do Estado a través de procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa (varios criterios de adxudicación), en trámite ordinario.”

E para que conste no expediente do que trate causa, expido o presente en Arbo, co visto e prace do Sr. Alcalde-presidente, e coas reservas do art. 206 do ROF.

Vº e Pª, O Alcalde, Horacio Gil Expósito.
A Secretaria fedataria, Patricia Hernández Estévez.
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.

